

Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno Provincial para o día 31 de maio de 2024, ás 10.00 horas.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 o Pleno debe realizar sesión ordinaria cunha periodicidade mensual.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** do Pleno, nos seguintes termos:

DÍA: 31 de maio de 2024

HORA: 10:00 horas en primeira convocatoria*

LUGAR: Salón de Plenos do Pazo Provincial

** Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente dous (2) días despois.*

A orde do día da sesión será a seguinte:

1. 2024/5M/PLENO PRESIDENCIA

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 26 de abril de 2024.

2. 2024/7846A PRESIDENCIA

Declaración institucional para apoio ao colectivo de persoas con esclerosis lateral amiotrófica (ELA) galegas.

3. 2023/11583H PRESIDENCIA

Modificación da data de realización das comisións informativas permanentes para o mes de xuño de 2024.

4. 2024/1671S PRESIDENCIA

Aprobación definitiva da modificación do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Ourense.

5. 2024/2866Z PRESIDENCIA

Cambio do modo de xestión do servizo público, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local da Deputación Provincial de Ourense.

6. 2024/3069X PRESIDENCIA

Aprobación do Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os entes locais da provincia para que a Deputación preste, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, o servizo de recollida de animais abandonados.

7. 2024/5188J PRESIDENCIA

Aprobación do Programa de cooperación coas entidades locais da provincia de Ourense para o servizo de recollida de animais abandonados para o exercicio 2024.

8. 2024/6331Y PRESIDENCIA

Modificación da modalidade da adhesión da Deputación Provincial de Ourense ao Convenio marco asinado entre a Comunidade Autónoma de Galicia e a Sociedade Ecolóxica para a Reciclaxe dos Envases de Vidro (ECOVIDRIO)

9. 2023/3357G PRESIDENCIA

Outorgamento do título honorífico de filla predilecta da provincia de Ourense á doutora dona Marisa Crespo Leiro (San Cristovo de Cea 1961).

10. 2023/16408J PRESIDENCIA

Aprobación inicial do orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento e a súa integración no orzamento xeral da Deputación Provincial, para o exercicio 2024.

11. 2024/7074J PRESIDENCIA

Expediente nº 2/2024 de modificación de créditos, mediante suplementos de créditos, e da modificación das bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense.

12. 2024/4339S PRESIDENCIA

Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 2024/4339S

13. 2024/2290J PRESIDENCIA

Convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, OA, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Porqueira para a financiación, execución e entrega das obras de mellora de saneamento e depuración dos núcleos de poboación do termo municipal de Porqueira (Ourense), PDM Miño-Sil ES010_3_CHCH0SCET29SR2456

14. 2023/16720A PRESIDENCIA

Aprobación inicial da modificación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024.

15. 2023/15668D PRESIDENCIA

Aprobación definitiva da modificación puntual da Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Ourense

16. 2024/7610C PRESIDENCIA

Moción do Grupo Popular para demandar ao Goberno de España a construción da estación ferroviaria de mercadorías no Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas.

17. 2024/7620F PRESIDENCIA

Moción do Grupo Popular para dotar neste 2024 ao 100% dos fogares ourensáns con conexión de fibra óptica.

18. 2024/7644P PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para a posta en marcha dun plan propio da Deputación de Ourense de axudas destinadas a concellos de menos de 20.000 habitantes para a compra e rehabilitación de vivendas para aluguer ou uso social.

19. 2024/7625N PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para a posta en marcha dun servizo provincial de prevención, sensibilización e atención das adiccións.

20. 2024/7651S PRESIDENCIA

Moción do BNG para a mellora da situación do mercado laboral na provincia de Ourense.

21. ASUNTOS DE URXENCIA.

22. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

- Dación de conta da relación de decretos do mes de ABRIL de 2024.
- Dación de conta das modificacións no Plan CooperOU a instancias dos concellos.

23. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.